

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

## O COELLO NO SOMBREIRO

Tomporrón poooón...

Hoxe hai representación!

Anunciando pola rúa  
un coche pasou dicindo  
que pola noite haberá  
dobre función do mago Antón.

Tomporrón poooón...

Mira que *pavero* está  
o coello do sombreiro.

Como saíu o primeiro  
mira ao público estrañado  
e alguén di de contado:  
Que bo estaría estufado!



Tomporrón poooón...

Agora o mago Antón  
mete o coello nun caixón  
e cando vai sacalo...  
onde estará o condenado?

Por alí anda correndo,  
o pobre vén asustado,  
detrás del todos berrando:  
«un coello anda solto  
por debaixo do escenario».

Montse VARELA

1. Que hai hoxe? **Representación.** \_\_\_\_\_

2. Que pasou dicindo o coche? **Que pola noite haberá dobre función do mago Antón.** \_\_\_\_\_

3. Quen saíu primeiro? Marca.

o mago     a pomba     o presentador     o coello

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Ordena as palabras e forma oracións.

casa. esqueceu O as neno na gafas

O neno esqueceu as gafas na casa.

mazas moi vermellas están boas. Aquelas

Aquelas mazás vermellas están moi boas.

### 2. Colorea as oracións.

- Comen alto.
- Os grandes son.
- **María fala.**
- **Paulo está na biblioteca.**
- **O coche ten a porta aberta.**
- O neno xoga ás.

### 3. Fíxate nos debuxos e escribe unha oración para cada un.



- Resposta libre.

\_\_\_\_\_

### 4. Escribe unha oración na que se inclúan as palabras televisión e paxaro.

Resposta libre.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

1. Fíxate na ilustración e completa.

A miña nai mercou: \_\_\_\_\_

Dúas mazas, tres peras, dous plátanos.

peixe, pan, leite e ovos.



\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_



2. Escribe o nome de seis animais. Resposta libre.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_


3. Resolve.



Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

1. Une cada debuxo co seu son.

Crashhh!      Toc, toc!      Ring, ring!      Tic, tac, tic, tac!




2. Escribe os sons que producen estes animais.



Quiquiriquí!



Cua, cua!



Muuuu!

3. Imaxina e debuxa algo que produce estes sons. Resposta libre.

Tilín!




Pío, pío!



Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

1. Observa as ilustracións e escribe as normas desta praia.



- **Prohibida a entrada aos cans.** \_\_\_\_\_
- **Prohibido facer lume.** \_\_\_\_\_
- **Prohibido tirar lixo.** \_\_\_\_\_
- **Prohibido lanzarse de cabeza.** \_\_\_\_\_
- **Recoméndase o uso de protector solar.** \_\_\_\_\_

2. Marca as normas que consideres válidas para a clase e escribe dúas máis. **Resposta libre.**

- Falar cando temos algo que dicir.
- Non comer nin beber.
- Erguer a man para preguntar.
- Estar atentos ao que fan os demais.
- Facer as tarefas con boa letra.
- Prestar atención cando están explicando.
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_